

**Acta núm. 07/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 5 de maio de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
Non asiste:
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 5 de maio de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2026, DO 14/04/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 5º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) VAO PERMANENTE.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 06/2026, DO 14/04/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.04.2026, acta núm. 06/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Esteban Canabal Antelo, que di actuar en representación de PAULA TOBIO VIGO, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar arrimada aos lindes (norte, leste e oeste), a emprazar no fondo dunha parcela sita en San Salvador – Bastavales, para destinala a almacén de apeiros e ferramentas.

A construción segundo o proxecto modificado redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo asinado en data 22.04.2026, desenvólvese en planta baixa, cunha altura de 2,50 m. ao aleiro e unha superficie de 51,35 m² construídos (40,30 m² útiles). Executarase con muros de termoarilla e cuberta de tella cerámica curva (pendente do 50 %) sobre vigas pretensadas de formigón armado.

A cuberta será a unha auga, vertendo cara ao interior da parcela. As fachadas revestiranse con morteiro hidrófugo branco, instalando dous portalóns na fachada sur.

A parcela (referencia catastral 7724503NH2472S0001SF) na que se van executar as obras presenta unha dobre clasificación urbanística: solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, e de xeito residual solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima da liña de "cumbreira" da cuberta non superará a altura máxima de 5,00 metros segundo o establecido no apartado 3.12 da ordenanza UC-2.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 249,56 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 314,13 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN SALVADO REY, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (13) para autoconsumo na vivenda sita no lugar de Soigrex n° 23 – Os Ánxeles. As placas segundo a memoria técnica de deseño asinada polo enxeñeiro industrial Javier García Villamisar instalaranse sobre a cuberta da vivenda, de forma coplanaria co faldón oeste da mesma, e o conxunto sustentárase nunha subestrutura apoiada sobre a propia cuberta.

A vivenda (referencia catastral 6743610NH2464S0001SZ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 176,75 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 241,32 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Greenvolt Next España, S.L., que di actuar en representación do HOTEL BALNEARIO DO TREMO, S.L., na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (84) para autoconsumo, dispostas de xeito coplanario sobre faldón sur da cuberta do hotel sito no Balneario do Tremo, Os Ánxeles, consonte co proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Adelaido Tebar García, visado polo Colexio de Graduados e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Albacete en data de 23.12.2025.

A edificación (referencia catastral 7649413NH2474N0001DJ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza n° 3 do PXOM (UC3) de planeamento de desenvolvemento incorporado (Plan Especial do Balneario do Tremo) e situase dentro do ámbito de afección do conxunto inventariado denominado:

“Conxunto do Tremo”, integrado pola capela de nosa señora de Guadalupe (Clave: AR-2), cruceiro (clave: AC9) e a fonte do Tremo (clave: AI3).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 15/04/2026 (expediente XTC-2026-0070.AUI) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 504,18 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 568,75 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de NATIVIDAD PARDAL PARDAL, na que comunica que vai instalar unha piscina prefabricada de poliéster soterrada de dimensións: 8,00 m. x 4,00 m. en planta e un fondo variable de 1,30 m. a 1,80 m., nunha parcela sita no lugar de Souto nº 18 – Os Ánxeles. A piscina consonte coa documentación técnica redactada pola arquitecta Rosa María Facal Varela, asinada con data 24.03.2026, sitúase na traseira da vivenda e dentro do ámbito de solo de núcleo rural, afastándose 4,83 m. do lindeiro sur e a 11 m. da liña de deslinde da parcela, que delimita o solo de núcleo rural co solo rústico.

A parcela (referencia catastral 5836403NH2453N0001LG) na que se proxectan as obras presenta unha dobre clasificación urbanística: solo de núcleo rural e, na súa parte traseira, non afectada pola intervención proposta, solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 132,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 196,67 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BALBINA BAAMEIRO BLANCO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Buio nº 6 – Os Ánxeles, substituíndo a cobertura existente por outra nova das mesmas características (tella cerámica curva).

A vivenda (referencia catastral 6143612NH2464S0001OZ) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A nova cobertura será de tella cerámica curva.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 66,22 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 130,79 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ BOUZAS ESPARÍS, na que comunica que vai limpar e aplicar un líquido sobre a cobertura da vivenda sita no Esparís nº 5 – Viceso.

A parcela onde se pretenden executar as obras, está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1), e sitúase dentro do entorno de protección dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como VE7 (casa - vivenda en Esparís), e en base ao artigo 45, apartado 2.a) da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERGIO LAGO LAMAS, na que comunica que vai executar obras de mantemento na vivenda sita no lugar de Outeiro nº 6 - Bastavales, consistentes en:

- Substituír a cuberta existente por outra nova de similares características, composta por tella cerámica curva sobre soporte de fibrocemento, cunha superficie total de 95 m².
- Reconstruír a estrutura da cuberta, substituíndo o entramado de madeira que actualmente soporta as pranchas de fibrocemento por viguetas de formigón pretensado.
- Revestir o penal sur da vivenda, cunha superficie aproximada de 20 m², que sobresaia da liña de cumio da edificación auxiliar existente anexa á vivenda (cobertizo).

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral núm. 8306107NH2480N0001JX) sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O revestimento do penal sur deberá de manter a cor branca da fachada.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 268,02 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 332,59 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA QUINTANA CARBALLO, na que comunica a realización de traballos consistentes na limpeza con auga a presión e no encintado da mampostería granítica da fachada posterior (35 m²), con fronte a un camiño, da vivenda nº 15 de Bastavaliños, en Bastavales.

A parcela (referencia catastral núm. 7520325NH2472S0001YF) onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM, e sitúase dentro da aldea de Bastavaliños, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM e identificada como XBE1, con nivel de protección estrutural e en base ao disposto na letra d) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Manterase a mesma cor do encintado existente (ocre).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,00 euros.
- Total: 73,00 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Isabel Suárez Prol, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN MONTE BALADO BLOQUES 7 e 8, na que comunica que vai executar obras nos bloques de vivendas nº 7 e 8 da Urbanización Monte Balado – Os Ánxeles. As obras segundo proxecto técnico asinado con data 12.11.2024 polo arquitecto Felipe Uría de la Fuente consisten en:

- Substituír as cubertas (inclinadas a 2 augas) da tella cerámica plana en cada edificio, coas conseguíntes operacións de impermeabilización e de illamento térmico das mesmas.
- Reparar e impermeabilizar as cubertas planas e terrazas de ambos bloques, coa conseguínte reposición do material de solado destas. Tamén se van substituír os canalóns propios das terrazas.
- Impermeabilizar os muros do garaxe pola súa cara exterior.
- Sanear e pintar os paramentos interiores, derivados das patoloxías propias da deficiente impermeabilización da envolvente exterior do edificio, en vivendas e portais dos edificios.

A Urbanización Monte Balado aséntase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3.203,46 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 3.268,03 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA PÉREZ MARTÍNEZ, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda sita na aldea de Pazos nº 9 – Ons.

A vivenda (referencia catastral 1592303NH2419S0001HJ) sobre a que se pretende actuar asentase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación na zona oeste, sendo de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM e atópase na aldea de Pazos que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: OE2, con nivel de protección estrutural.

Conforme aos artigos 39 e 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, modificada polo artigo 78 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; a competencia para autorizar as intervencións nos bens catalogados cun nivel de protección estrutural ou ambiental, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento (coas excepcións indicadas no mesmo artigo), corresponde aos concellos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 180,79 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 245,36 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de JOSÉ RAMÓN CURRAIS ESPARÍS, na que comunica que vai executar obras de consolidación e ampliación dun peche tradicional, así como a construción dun muro de contención na parcela situada en Ons de Abaixo nº 15 – Ons. As actuacións, conforme á documentación técnica redactada pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, asinada con data 25.11.2025, e a documentación complementaria asinada con data 16.04.2026, executaranse coas seguintes características:

- Tramo A. Muro de contención de pedra situado no lindeiro leste, con fronte ao camiño, cunha lonxitude de 29 metros lineais e unha altura de 1,20 metros. Disporase a unha distancia de 4 metros do eixo do camiño.

- Tramo B. Obras de consolidación e regularización (aplomado) dun muro tradicional de mampostería de pedra situado no lindeiro norte e lindante co camiño. O muro obxecto de intervención presenta unha lonxitude de 21,50 m, un espesor de 50 cm e unha altura de 70 cm.

- Tramo C. Novo tramo de muro con fronte ao camiño, a continuación do anterior, cunha lonxitude de 14 metros lineais, a executar en mampostería de pedra ata acadar unha altura de 70 cm e afastado a 4 metros do eixo do camiño.

A parcela (referencia catastral 1988603NH2418N0001FG) na que se prevé a execución das obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural tradicional, séndolle de aplicación a ordenanza NRO-1. Así mesmo, atópase na aldea de Ons de Abaixo, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave: OE-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 02.03.2026 (expediente XTC- 2025-2656.AUI), e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 02.03.2026 (expediente XTC- 2025-2656.AUI): *A formalización, aparello e tipo de pedra do muro de contención sexa o mais semellante posible ao resto dos muros obxecto da intervención.*

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 168,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 232,57 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jesús Álvarez Flórez, que di actuar en representación do DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA CORUÑA, na que comunica que vai instalar paneis solares sobre a cara exterior dos ventanais do IES de Brión, a fin de obter un aforro enerxético óptimo en fachada.

A edificación (referencia catastral 6559445NH2466S0000LI) onde se pretenden executar as obras atópase asentada sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, e cualificado como equipamento dotacional.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,40 euros.
- Total: 11,40 euros.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN ALONSO PAZOS, na que comunica que vai facer un peche na fronte da parcela situada en Gronzo nº 27 – Brión. O devandito peche, cunha lonxitude de 12,50 metros lineais, executarase cunha base de bloque ata unha altura de 1,20 metros, rematada con arameira por enriba ata acadar unha altura total de 1,80 metros. Así mesmo, disporase un portalón de acceso á parcela, situándose o conxunto a unha distancia de 4 metros do eixo da pista municipal.

A parcela (referencia catastral 4956703NH2445N0001AX) onde se pretende executar o peche está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte opaca do peche deberá revestirse e pintarse en tons claros, e situarase a unha distancia mínima de 4 metros do eixo do camiño.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 62,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 126,57 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Carmen Pérez Pérez, que di actuar en representación de SUSANA ÁLVAREZ MILLÁN e CARLOS ROHJER RONDÓN GONZÁLEZ,

solicitando autorización para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina, en Romarís 25 – Bastavales.

Antecedentes:

1. Con data 11.11.2025 a Xunta de Goberno Local concede licenza a SUSANA ÁLVAREZ MILLÁN e CARLOS ROHJER RONDÓN GONZÁLEZ, para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Romarís 25 – Bastavales, segundo proxecto básico asinado pola sociedade Lagom Arquitectura, S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.05.2025 (expte. 2502894) e documentación complementaria asinada con datas 10.09.2025 e 03.10.2025 por Lagom Arquitectura S.L.P.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da presentación do proxecto de execución asinado pola arquitecta Carmen Pérez Pérez (Lagom Arquitectura, S.L.P.), visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 12.03.2026 (expte. 2502894), e documentación complementaria (oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde), que desenvolve o proxecto básico que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 11.11.2025, e autorizar o inicio das obras.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (17,33 kw) a unha infraestrutura (Torre) de telecomunicacións, emprazada nunha parcela rústica (referencia catastral: 15013A018001360000US) sita nas inmediacións da aldea da Amañecida e da Igrexa (Luaña), abrindo unha gabia (16 ml) que discorre pola estrada provincial DP-1301 Gándara-Amañecida, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez asinada con data 24.02.2026.

Antecedentes:

1. Con data de 14.04.2026 a Xunta de Goberno Local autorizou á empresa On Tower Telecom Infraestructuras, S.A. a instalar unha infraestrutura de telecomunicacións nunha parcela rústica situada nas inmediacións da aldea da Amañecida e da Igrexa (Luaña) e con referencia catastral:15013A018001360000US. Dispónse no citado acordo que para calquera outro de tipo de obra accesoria como as de infraestrutura soterrada de subministro eléctrico (RBTS) deberase de tramitar un novo título habilitante municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial da Coruña do 20.03.2026 (expediente 2026000010741) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- As obras deberán de axustarse ás condicións impostas na autorización da Deputación Provincial da Coruña do 20.03.2026 (expediente 2026000010741).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 132,21 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír un total de oito postes de madeira por outros de distintos materiais: tres de formigón, catro de fibra e un de madeira. A actuación realizarase nun tramo de tendido aéreo de aproximadamente 800 metros, situado sobre un viario de titularidade municipal que comunica os lugares de Sabaxáns e Soigrex, na parroquia de Bastavales. Así mesmo, procederase ao desmontaxe dunha riostra no tramo correspondente a un dos postes que se van substituír, consonte co proxecto técnico asinado con data de 20.04.2026 polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Javier García Valenzuela.

Esta actuación afecta a un vial de titularidade municipal e emprázase maioritariamente dentro dun ámbito de solo urbano (ordenanzas UC2 e UC1) no lugar de Sabaxáns, e o resto sobre un ámbito de solo de núcleo rural (aldea de Soigrex).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para instalar un novo poste de fibra en vía pública, nas inmediacións da aldea de Guitiande, como reforzo da liña aérea existente coincidente co fronte da parcela de referencia catastral: 6952538NH2465S0001DG, segundo a documentación técnica asinada con data de 17.04.2026 polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Javier García Valenzuela.

Esta actuación afecta a un vial municipal e situase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de M^a JOSEFINA SALGADO VILOUTA e MANUEL GARCÍA MOLEDO, na que solicita a modificación da licenza concedida para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Estrar 43 - Os Ánxeles, segundo proxecto reformado do básico e de execución, asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado o 04.07.2025 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e documentación complementaria visada con data 27.11.2025 (expte. 2205036).

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 07/11/2023, concedeu licenza a M^a Josefina Salgado Vilouta e Manuel García Moledo, para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina no lugar de Estrar 43 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.09.2022 e 13.02.2023 (expte. núm. 2205036).

2.- En data 15/07/2025 solicítase modificación da licenza de tal xeito que se pretende modificar a superficie construída, a edificabilidade e a ocupación, e eliminar a piscina, que non será construída; segundo o proxecto reformado do básico e de execución, asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.07.2025 e documentación complementaria visada con data 27.11.2025, (expte. núm. 2205036).

A Xunta de Goberno Local, á vista da nova autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia (expte. 322/23) de data 26.11.2025, da nova autorización da Dirección de Augas de Galicia (clave DH.W15.112526) de data 07.04.2026 que modifica as obras autorizadas por Resolución do 05.06.2023 (expte DH.W15.89534), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 07/11/2023, a favor de M^a JOSEFINA SALGADO VILOUTA E MANUEL GARCÍA MOLEDO para construír unha vivenda unifamiliar en Estrar 43 - Os Ánxeles, conforme co proxecto reformado do básico e de execución, asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.07.2025 e documentación complementaria visada con data 27.11.2025 (expte. núm. 2205036) e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición recollida na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia do 10.10.2023:

- O acabado da soleira de formigón deberá vir dado polo seu propio acabado (lavado de xeito que se perciban os áridos) ou ben pola cor natural (gris). Prohíbese o acabado tipo formigón impreso, pois resulta unha superficie acabada cun deseño e coloración totalmente alleos ao medio no que se sitúa.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

SEXTO. VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DAVID BUJÁN RODRÍGUEZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao para a entrada e saída de vehículos do garaxe da vivenda sita en Xinzo nº 8 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 23.04.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (5 m.), nos termos establecidos na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,23 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González